



RESOLUCIÓN 3/2020 de carácter extraordinario e referente á suspensión de prazos.

Tendo en conta a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, nomeadamente:

1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas.
2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá decidir, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manfeste a súa conformidade, ou cando o interesado manfeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.
4. A presente disposición non afectará aos procedementos e resolucións aos que fai referencia o apartado primeiro, cando estes veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma.

Quedan suspendidos e interrompidos todos os prazos relativos ás probas de acceso á universidade para persoas maiores de 25 anos e ás probas de acceso á universidade para persoas maiores de 45 anos.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2020

O PRESIDENTE DA CiUG

Asdo.- Iván Carlos Area Carracedo